

PRESENTACIÓN DA MATERIA - CURSO 2023/24

**I.E.S. GREGORIO
FERNÁNDEZ**

ÁMBITO: CIENCIAS APLICADAS I

CURSO: FPB FABRICACIÓN E MONTAXE

INTRODUCCIÓN

Este documento é un resumo da programación da materia de Ciencias aplicadas I para o 1º curso de FP Básica de Fabricación e Montaxe. A programación completa estará a disposición da comunidade educativa na dirección do centro.

Esta presentación pretende mostrar os contidos e a organización da materia que ao igual que a programación está baseada no **DECRETO 126/2023**, do 20 de xullo, polo que se establece o currículo do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais e do ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

OBXECTIVOS DO ÁMBITO

OBX1. Recoñecer os motivos polos que ocorren os principais fenómenos naturais, a partir de situacións cotiás, e explicalos en termos das leis e teorías científicas adecuadas, para pór en valor a contribución da ciencia á sociedade.

OBX2. Interpretar e modelizar en termos científicos problemas e situacións da vida cotiá e profesional, aplicando diferentes estratexias, formas de razoamento, ferramentas tecnolóxicas e o pensamento computacional, para achar e analizar solucións, comprobando a súa validez.

OBX3. Utilizar os métodos científicos, facendo indagacións e levando a cabo proxectos, para desenvolver os razoamentos propios do pensamento científico e mellorar as destrezas no uso das metodoloxías científicas.

OBX4. Analizar os efectos de determinadas accións cotiás ou da contorna profesional sobre a saúde e o medio natural e social, baseándose en fundamentos científicos, para valorar a importancia dos hábitos que melloran a saúde individual e colectiva, evitan ou minimizan os impactos ambientais negativos e son compatibles cun desenvolvemento sustentable.

OBX5. Interpretar e transmitir información e datos científicos, logo de contrastar a súa veracidade, utilizando a linguaxe verbal ou gráfica apropiadas, para adquirir e afianzar coñecementos da contorna natural, social e profesional.

OBX6. Identificar as ciencias e as matemáticas implicadas en contextos diversos, interrelacionando conceptos e procedementos, para os aplicar en situacións da vida cotiá e do ámbito profesional correspondente.

OBX7. Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, pondo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza na consecución de obxectivos e a valoración da aprendizaxe das ciencias.

OBX8. Desenvolver destrezas sociais e traballar de forma colaborativa en equipos diversos con roles asignados que permitan potenciar o crecemento entre iguais, valorando a importancia de romper os estereotipos de xénero na investigación científica, para o emprendemento persoal e laboral.

CONTIDOS

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
Bloque 2. Sentido numérico <ul style="list-style-type: none">Números e operacións Bloque 1. Destrezas científicas básicas <ul style="list-style-type: none">Método científicoMateriais de laboratorio Bloque 3. Sentido da medida <ul style="list-style-type: none">Magnitudes e medidaPerímetros e áreas de figuras planas Bloque 4. Sentido espacial <ul style="list-style-type: none">Formas xeométricas Bloque 9. O corpo humano e a saúde <ul style="list-style-type: none">A función de nutrición	Bloque 2. Sentido numérico <ul style="list-style-type: none">Proporcionalidade e porcentaxes Bloque 7. A materia e os seus cambios <ul style="list-style-type: none">Teoría cinético-molecularComposición da materiaFormulación e nomenclaturaReaccións químicas Bloque 9. O corpo humano e a saúde <ul style="list-style-type: none">A función de relaciónA función de reprodución Bloque 6. Sentido estocástico <ul style="list-style-type: none">Táboas de frecuenciasMedidas de centralización e dispersiónGráficos estatísticos	Bloque 5. Sentido alxébrico <ul style="list-style-type: none">Padróns e sucesiónsLinguaxe alxébrica Bloque 4. Sentido espacial <ul style="list-style-type: none">Coordenadas cartesianas Bloque 5. Sentido alxébrico <ul style="list-style-type: none">Relacións e funcións Bloque 9. O corpo humano e a saúde <ul style="list-style-type: none">Saúde e doenzas Bloque 8. A enerxía <ul style="list-style-type: none">Enerxía eléctricaCircuitos eléctricos simples

Bloque 10. Sentido socioafectivo (traballarse ao longo de todo o curso)

- Emocións, curiosidade, iniciativa, perseveranza e resiliencia
- Técnicas cooperativas (traballo en equipo e xestión de conflitos)
- Actitudes inclusivas (igualdade, respecto e diversidade)

METODOLOXÍA

Ao principio do tema ou unidade didáctica presentaranse os contidos na aula virtual mediante documentos ou material audiovisual coa axuda do taboleiro e materiais auxiliares, e se repasarán os conceptos previos que se necesiten. Subirase á aula virtual todo o material preciso para o desenvolvemento do módulo, así como se realizarán actividades na mesma.

No desenvolvemento da unidade irase alternando a adquisición de novos coñecementos coa realización de exercicios e problemas relacionados cos mesmos. Ao final da unidade faranse actividades mesturadas de toda a unidade para que o alumno consolide os coñecementos.

A profesora garantirá que os alumnos coñezan a resolución correcta de todas as actividades propostas e que poderán aclarar calquera dúbida relacionada con elas.

O desenvolvemento das clases farase de forma activa e participativa, tratando na medida do posible, de que sexan os alumnos os que expoñan a resolución das actividades, ben no taboleiro ou ben mediante preguntas e respostas co profesorado.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

Os criterios de cualificación que se empregarán para avaliar ao alumnado e o peso que ten cada un son:

- **NOTAS DAS PROBAS ESCRITAS (60%).** Cada trimestre realizaranse como mínimo dúas probas escritas nos que entrarán os contidos de cada unha das tres materias que compoñen este módulo (matemáticas, física e química e bioloxía e xeoloxía). De todos eles calcularase a nota media.
- **BOLETÍNS DE EXERCICIOS E ENTREGA DE TRABALLOS (30%).** Ao longo da avaliación entregaranse traballos ou boletíns de exercicios que serán cualificados de 0 a 10, tendo en conta a puntualidade na entrega, presentación, rigorosidade técnica, correcta resolución dos exercicios, etc. Estes traballos poderán ser entregados en formato papel ou pola aula virtual, e de todos eles calcularase a nota media.
- **TRABALLO DIARIO (10%).** A participación nas clases, levar o material necesario e o traballo diario anotarase no caderno da profesora e serán cualificadas. Farase unha media ao final da avaliación de todas as anotacións realizadas pola profesora.

NOTA AVALIACIÓN

A **nota da avaliación** será o resultado de facer a nota media ponderada de todas as probas escritas do trimestre (60%), as notas dos traballos (30%) e o traballo diario e participación na clase (10%). Nos boletíns de cualificacións figurará a nota resultante redondeada.

RECUPERACIÓNS

Ao rematar cada avaliación, realizarase un exame de recuperación de dita avaliación para aqueles alumnos que non teñan superada esa parte. A cualificación desta proba pasará a substituír á nota media das probas escritas (70%) e manterase a nota dos traballos entregados (20%) e do traballo diario na clase (10%).

NOTA FINAL

Haberá tres sesións de avaliación parciais.

O período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a **avaliación final**, dedicarase a actividades de apoio, reforzo e recuperación daqueles alumnos con algunha avaliación non superada. Neste caso a cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso, tendo en conta as actividades realizadas durante ese período da seguinte maneira:

Realizarán actividades coa finalidade de adquirir os coñecementos necesarios para superalas. Ditas actividades avaliaranse e esta nota substituirá á nota anterior da avaliación.

A **cualificación final** será a media das **tres notas da avaliacións** redondeada ao enteiro máis próximo, coa seguinte restrición: se a nota dalgunha das tres avaliacións é inferior a 3, a cualificación final será como máximo 4.

Para a promoción dos alumnos aplicaranse os criterios establecidos pola lexislación vixente.

Sarria, a 13 de setembro de 2023

A profesora

Asdo: Lucía García Villarino